

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMINO DE SANTIAGO POR VALDEORRAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICACIÓN SITUADA NA PRAZA DO SANTO, CONCELLO DA RÚA, PARA DESTÍNALA A OFICINA DE INFORMACIÓN Ó PEREGRINO**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula oitava do convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** O 18 de xuño de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras para a rehabilitación de edificación na Praza do Santo, concello da Rúa, para destinala a oficina de información ó peregrino.

**Segundo.-** Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula oitava establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Asociación remata o 30 de novembro de 2025.

**Terceiro.-** O 26 de novembro de 2025 a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras solicita unha ampliación do prazo de xustificación establecido no convenio polo tempo máximo legalmente establecido, por non dispor da documentación dos contratistas intervinientes nas obras de rehabilitación.

De acordo co anterior, a nova redacción da cláusula oitava establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa do convenio remata o 15 de decembro de 2025.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

